




Meira V. Morán

Primeiro e Segundo Primaria
Día das letras galegas 2018



TEXTOS 1º e 2º DE PRIMARIA



M^a VICTORIA MORENO

ACTIVIDADES BIOGRAFÍA

MARÍA VICTORIA MORENO

M^a Victoria Moreno Márquez naceu na vila de Valencia de Alcántara, na provincia de Cáceres no ano 1939.

Era filla de Vicente, militar, e Sara, mestra.

Os estudos de bacharelato fíxoos en Barcelona e os universitarios en Madrid.

Cando tiña 22 anos trasladouse a Galicia para traballar de profesora de instituto en Lugo, Sanxenxo e Pontevedra.

No ano 1973 publicou a súa primeira obra en galego, «Mar adiante», na que conta a historia dos nenos e nenas dunha escola a bordo dun barco. Os debuxos da primeira edición deste libro foron realizados por ela mesma.

Dous anos despois gañou o 1º Premio do Concurso Nacional de Contos Infantís de «O Facho».


Durante a súa vida escribiu moitísimos libros en galego para os máis pequenos.

A súa obra infantil que máis lle gustaba era «Leonardo e os fontaneiros», na que conta as historias que lle suceden a un neno chamado Antón e a un can, Leonardo.

Este ano a Real Academia Galega adícalle o Día das Letras polos libros que escribiu e pola defensa do noso idioma.



M^a VICTORIA MORENO



1.- Onde naceu M^a Victoria Moreno?

2.- Cantos anos tiña cando veu vivir a Galicia?

3.- Como se titula a súa primeira obra en galego?

4.- Quen fixo os debuxos do seu primeiro libro?

5.- Cal era a profesión dos seus pais? Escribe e colorea.

PROFESORA

CANTANTE

MILITAR

MÉDICA

ESCRITOR

DEBUXANTE

FOTÓGRAFA

MECÁNICO

NAI

PAI

6.- Atopa as palabras e contesta ás preguntas.



P	O	N	T	E	V	E	D	R	A	B
V	L	E	O	N	A	R	D	O	Ñ	O
S	P	O	M	M	I	L	I	T	A	R
N	G	A	C	A	C	E	R	E	S	T
M	E	S	T	R	A	L	B	M	R	S
H	I	E	L	Q	L	U	G	O	X	Z
M	A	R	A	D	I	A	N	T	E	F
B	A	R	C	E	L	O	N	A	B	C
D	G	H	Q	Z	P	T	V	A	U	V

● En que provincia naceu M^a Victoria?

● Que profesión tiña seu pai?

● E a súa nai?


● Onde estudou bacharelato?

● En que tres localidades traballou de profesora?


● Cal foi a súa primeira obra en galego?

● Como se chama o protagonista do seu conto preferido?


7.- Busca a obra de M^a Victoria Moreno agochada.




I




D




R




T




A



















M



E






N



8.- Completa con debuxos esta liña do tempo.

	NACEU EN CÁCERES EN 1939.
	CON 22 ANOS VEU A GALICIA A TRABALLAR DE PROFESORA.
	CON 34 ANOS PUBLICOU A SÚA PRIMEIRA OBRA EN GALEGO.
	CON 36 ANOS GAÑOU O 1º PREMIO DO CONCURSO DE «O FACHO».
	PUBLICA A SÚA OBRA FAVORITA «LEONARDO E OS FONTANEIROS».
	PUBLÍCASE «EU CONTO, TI CANTAS...».



TEXTOS 1º e 2º DE PRIMARIA



M^a VICTORIA MORENO

ACTIVIDADES TEXTOS

-Se mañá non sabedes a táboa do sete, ides todos ao mar cos libros amarrados ao pescozo. Comeránvos as gaivotas e os peixes.

Miguel coidou que o señor mestre non os botaría ao mar e sabía de certo que as gaivotas e os peixes non comerían aos nenos. Nembargantes sentiu unha gran mágoa no seu corazón. Entón dixo:

-Vou facer un barquiño branco coma unha gaivota, guímaro coma un peixe. Vóullelo dar aos nenos para que non choren na escola, para que saiban que as gaivotas non comen nenos e máis para que aprendan que o mar é o máis fermoso do mundo.

Victoria Moreno



1.- Le o texto e contesta ás seguintes preguntas:

- Como se chama o protagonista da historia?

- Que táboa tiñan que saber os nenos?


- Que lles ía facer o mestre se non sabían a táboa de multiplicar do sete?

- Que sentiu Miguel no seu corazón?

- Para que fixo Miguel un barquiño branco?

- Que quería Miguel que aprenderan os nenos?


2.- Completa o encrucillado con palabras do texto.



1.- MÁGOA 2.- PEIXES 3.- BRANCO 4.- CORAZÓN

- 1.- Pena, tristeza.
- 2.- Animais que nadan.
- 3.- Cor do leite.
- 4.- Órgano do corpo que lateixa.


3.- Que camiño seguirá a gaiivota para chegar ao peixe?




4.- Segue as pistas e adiviña o nome dos peixes.

△ □ ★ □ ◇
A E I O U


S △ RG □




X ◇ R □ L □



S △ RD ★ Ñ △



R □ D △ B △ LL □










5.- Subliña tres accións para coidar o mar e fai un cartel cunha delas.

NON BOTAR LIXO **CAZAR GAIVOTAS**
GUINDAR LATAS **PESCAR CON XEITO**
COIDAR AS PRAIAS **BOTAR PLÁSTICOS AO MAR**



7.- Que animais podemos atopar no fondo do mar? Recórtalos e pégaos no cadro. Despois decóralo ao teu gusto creando o teu propio fondo.



6.- «Comeránvos as gairotas e os peixes», dixo o señor mestre. Saberías máis nomes de animais relacionados co mar? Localízalos nesta sopa de letras e escríbeos.



7.- Colorea da mesma cor cada parte do día coa súa comida.

ALMORZO

PARVA

XANTAR

MERENDA

CEA

TARDE

MEDIA MAÑÁ

NOITE

MEDIODÍA

ALMORZO

Chamáronlle Nicolau
un día de primavera
cando chegou a esta vida
aquele nobelo de seda.

Era un canciño moi feito
de capa brillante e negra,
doces olliños de mel
e bondadosas orellas
que daban á súa cariña
unha traza viva e tenra.

Foi recibido por todos
con aloumiños e festas
porque, amais de ser bonito,
tiña moi boas maneiras:
era limpo, garimoso,
moi amable con calquera,
tan ledo coma un axóuxere
e tiña unhas ocorrencias
que facían rir á xente
por máis triste que estivera.



María V. Moreno

EU CONTO, TI CANTAS...

ACTIVIDADES

1º e 2º

1.- Como se chama o can?

2.- Como era a capa?

3.- Como o recibiron?

4.- Como era o canciño? Colorea.

CUNCHAS	TRISTÓN	GARIMOSO	FEO
SUCIO	LIMPO	INQUEDO	AMABLE

5.- Como te imaxinas a Nicolau? Poderías debuxalo como o ves na túa imaxinación?

--

6.- Observa a capa do libro e completa.

TÍTULO _____







AUTORA _____

ILUSTRADOR _____

EDITORIAL _____



7.- Coloca cada emoticono segundo está Nicolau.




8.- Os cans e todas as mascotas necesitan coidados. Escribe a carón de cada imaxe as cousas que hai que facer por eles.

Recoller os seus excrementos.

Asealos.


Levalos ao veterinario.








9.- Debusca e ponlle nome a un animal. Despois inventa un pequeno poema que fale del.




10.- Coloca as seguintes palabras do poema usando unha letra da palabra «aloumiños».

NOBELO
GARIMOSO
AXÓUXERE
CANCIÑO
FESTA



11.- Une os números do 0 ao 26 para debuxar a Nicolau. Colorea.



12.- Fíxate neste exemplo.









Era un  moi feito
de capa brillante e 


E agora segue ti completando con debuxos.



Doces  de 
e bondadosas 
que daban á súa 
unha traza viva e tenra.

13.- Recorta as onomatopeas e pega no lugar axeitado.

LOBO		CAN		OVELLA
				
VACA		PATO		GATO
				
Muuuu		Guau guau		Auuuu
Beee		Miau miau		Cuac cuac




Eu son profesora nun colexio moi grande dunha gran cidade. É un colexio moi importante. Ten unha gran entrada, un porteiro uniformado que parece un xeneral, un director con gafas, unhas escaleiras de mármore cheas de testos... Temos moitos rapaces e rapazas. Todos con cariñas espiladas, con mans limpas, con vestidiños xeitosos.

Victoria Moreno



1.- Describe a túa aula... en catro liñas!

2.- Que espazos podes atopar dentro dun colexio?



3.- Ademais dun colexio, que outros espazos importantes podes atopar nunha cidade?

4.- Ponlle un adxectivo aos seguintes nomes que aparecen no texto:

■ Colexio:

■ Cidade:

■ Profesora:

■ Gafas:

■ Rapaz:

■ Escaleiras:

■ Portería:


5.- Como se chama o teu colexio?

6.- En que localidade está?

7.- Que é o que máis che gusta do teu colexio?

8.- Que cambiarías do teu colexio?

9.- Colorea os obxectos relacionados co colexio.



10.- Contesta a estas preguntas sobre a descrición que fai a profesora sobre o seu colexio.

- Como era o colexio?

- Onde estaba?

- Como eran as cariñas dos nenos?

● E os seus vestidos?

11.- Por que cres que se di que o porteiro parece un xeneral? Na túa escola hai porteiro ou conserxe?

12.- Cales son as súas funcións?

13.- Subliña no texto aquelas palabras que mostran algunha característica ou cualidade e escrúbeas..

14.- Seguindo o texto, elabora agora unha descrición do teu colexio. Debes dicir onde está, como é, que ten...

A FESTA NO FAIADO

M^a VICTORIA MORENO

Entón abrín os ollos e atopei diante miña un gato moi fermoso. Tiña os ollos marelos e doces, e pelo negro e brillante, as manciñas brancas e dondas.

-Como te chamas? -pregunteille eu.

-Gato -díxome el.

-Como?

-Gato, como soa, Gato.

-E logo?


-Digo eu que será porque son fillo dunha gata, porque sei dicir miau e porque xa desde pequeno me dei sempre moi boa maña en cazar ratos.

-Pero podías chamarte Micifú, ou Carlos, ou Duque... eu teño visto gatos que se chamaban así.

-Serían gatos caseiros -rosmou Gato, cunha miga de tristura nos seus ollos marelos-. Serían gatos deses que comen no prato do amo. Pero eu son un gato de faiado.

-Gato, graciñas por espertáresme. Se non chega a ser por ti xa non volvía acordar en toda a vida.

-Miau.



María V Moreno

A FESTA NO FAIADO

ACTIVIDADES

1º e 2º



1.- Contesta ás seguintes preguntas:

- Que atopou o protagonista cando abriu os ollos?

- Como era o gato? Como se chamaba?

- Por que se sorprendeu a protagonista ao escoitar o nome de Gato?

2.- Une os adxectivos que aparecen no texto cos seus contrarios.



Ledicia

Brillantes

Branco

Amargos

3.- Colorea a resposta correcta.

■ Como tiña os ollos o gato?

verdes e grandes

marelos e doces

negros

■ Como se chama o animal protagonista do texto?

Micifú

Lolo

Gato

■ Que era o que sabía dicir?

miau

guau guau

mii mii


■ Que animais cazaba?

formigas

toupiñas

ratos

4.- Completa o cadro utilizando nomes que aparecen no texto.



NOMES PROPIOS	NOMES COMÚNS
<hr/> <hr/>	<hr/> <hr/>
<hr/> <hr/>	<hr/> <hr/>
<hr/> <hr/>	<hr/> <hr/>


5.- Contesta ás seguintes preguntas para escribir unha invitación para os teus amigos a unha festa.

<p>INVITACIÓN PARA <input type="text"/></p> <p>INVITÁMOSTE A <input type="text"/></p> <p>Cando vai ser? <input type="text"/></p> <p>A que hora? <input type="text"/></p> <p>Onde se vai facer?</p> <input type="text"/> <p>Frase para animar a que vaia:</p> <input type="text"/>
--

6- Clasifica os seguintes animais segundo sexan domésticos ou salvaxes.

DOMÉSTICOS	SALVAXES
<input type="text"/>	<input type="text"/>

7.- Como se chama a parte máis alta da casa, que está xusto debaixo do tellado? Completa o encrucillado e averíguao.




HORIZONTAIS

- 1.- Abertura na parede dun edificio pola que entra luz e aire.
- 2.- Lugar onde nos aseamos.
- 3.- Lugar da casa onde durmimos.
- 4.- Onde gardamos os vehículos.
- 5.- Parte superior dun edificio que pode estar cuberta de tellas.
- 6.- Lugar da casa onde preparamos a comida.

A parte máis alta da casa, que está xusto debaixo do tellado, é o .

8.- Arrodea os alimentos que proveñen dos animais.




9.- Como se chaman as crías destes animais?

CANCIÑOS	PITOS	POLDROS	XATOS	AÑOS
-----------------	--------------	----------------	--------------	-------------


Dunha galiña



Dunha equa



Dunha ovella



Dunha cadela



10.- Pescuda sobre as diferentes mascotas que pode ter a xente na súa casa e fai un cadro comparativo.

NOME DO ANIMAL	NÚMERO DE PATAS	TIPO DE BOCA	ALIMENTOS	CUBERTA DO CORPO

11.- Une e constrúe preguntas.

Como

E logo...

Cantos

Que

Cando

tempo vai hoxe?

chegan os teus avós?

te chamas?

onde é a festa?

anos tes?

-
-
-
-
-

12.- Axuda a Gato a cazar á súa presa.

